

**PROXECTO
LINGÜÍSTICO
DE CENTRO
CEP PLURILINGÜE
SANTA TEGRA 2023-27**

DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30-10-2023

DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30-10-2023

CURSO 2023-24

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	Pax. 3
2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	Pax. 4
3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	Pax. 8
3.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	Pax. 9
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	Pax. 11
5. DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA NA QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA	Pax. 13
6. EXENCIÓNS	Pax. 14
6.1. Procedementos de solicitude	
6.2. Materiais e recursos específicos	
6.3. Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten	
7. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS	Pax. 15
8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA	Pax. 16
8.1. Composición	
8.2. Funcións	
9. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA	Pax. 17
10. PLURILINGÜISMO.....	Pax. 23
10.1. Coordinadora	
10.2. Oferta: Centro Plurilingüe	
10.3. Mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe	
11. AVALIACIÓN	Pax. 24
12. ANEXOS	Pax. 26
12.1. Modelo solicitude de exención do galego	

1. INTRODUCCIÓN

MARCO LEGAL

O Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 5, define o galego como a lingua propia de Galicia e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e que todos teñen o dereito a coñecelos e usalos.

A Lei de Normalización lingüística 3/1983 do 15 de xuño, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia e asegura a normalización do galego en todos os eidos da sociedade. O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia garante a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia así como un coñecemento efectivo en linguas estranxeiras.

Partindo da realidade sociolingüística do noso centro, elaboramos este proxecto lingüístico no que concretamos as medidas, orientacións e actividades encamiñadas a acadar o establecido no marco legal anteriormente relacionado e que se centra en que **“O alumnado adquira de forma oral e escrita a competencia lingüística propia de cada nivel e etapa nas dúas linguas oficiais de Galicia”**.

INTRODUCCIÓN

O CEP Plurilingüe “Santa Tegra-Teis” é un centro educativo público que imparte ensinanzas correspondentes a Educación Primaria. Está situado en Vigo, concretamente no barrio de Teis onde o nivel socio-económico das familias é medio ou medio-baixo. Acolle a uns cen alumnos e alumnas aproximadamente tendo en conta algunhas altas ou baixas entre principio e final de curso. O alumnado procede na súa maior parte das rúas próximas ao colexio, aínda que comeza a haber unha tendencia de alumnado que procede doutras zonas de Vigo pero que escollen o noso centro por decisión propia. Case a totalidade do alumnado chega ao centro falando castelán, lingua habitual nas súas casas coas súas familias e amigas e amigos. Contamos cun número importante de alumnado procedente de diversas culturas diferentes da galega, como son: mexicana, marroquí, arxentina, brasileira, africana, uruguia, colombiana, etnia xitana... e unha pequena porcentaxe de alumnado con características especiais e condutas disruptivas que son moi reticentes a usar ou valorar a lingua galega, polo que o esforzo do profesorado para usar o galego con este alumnado é inmenso.

É un centro dunha liña con 6 aulas de Educación Primaria.

O cadro de persoal docente está formado por:

- 6 profesores de Educación Primaria
- 1 especialista de inglés
- 1 especialista de Educación Física (materia plurilingüe en lingua inglesa)
- 1 especialista de Música
- 1 especialista de Pedagogía Terapéutica
- 1 especialista de Audición e Linguaxe (*compartida coa EEI Monte Da Guía*)
- 1 Orientadora (*compartida co CEIP Paraixal e coa EEI Plurilingüe Monte Da Guía*).
- 1 profesora de relixión (*compartida co CEIP Mosteiro-Bembrive*).

En canto ao persoal non docente contamos con:

- 2 coidadoras: unha delas os luns e os martes a xornada completa e a outra os mércores, xoves e venres a razón de dúas sesións diarias, compartida coa EEI Monte da Guía
- 1 auxiliar de conversa
- 1 oficial de instalacións
- 2 limpadoras polas tardes
- 1 encargada de comedor e 2 monitoras de comedor

2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

Para determinar o contexto sociolingüístico do centro, este curso elaboramos e enviamos enquisas ás familias do noso alumnado. As preguntas foron as mesmas que pasamos hai catro cursos, para poder comparar mellor así algún cambio co^on respecto ao uso da lingua galega nas familias. Cómpre subliñar que as familias non foron todo o colaboradoras que esperabamos. A participación foi dun 60 %.


Da análise destas gráficas sacamos as seguintes conclusións:

- A lingua habitual que empregan as familias é maioritariamente o castelán en todos os ámbitos quedando o galego relegado a un 5 % de uso habitual e case nunca cos amigos.
- As familias manifestan que teñen moi poucas dificultades en xeral para entender o galego (soamente un 4%) e máis dificultade para falar (case un 20%). Un 10% manifesta dificultade para ler en galego e para escribilo, un 20% dos enquistados manifestan que teñen moita dificultade.
- A pesar deste pouco uso da lingua, a valoración do galego, no 65 % das familias do noso centro, é que a consideran unha lingua moi útil.

- Os pais e os fill@s falan moi pouco en galego na casa (sobre un 10%) e os fill@s responden normalmente en castelán (un 80%).
- As persoas que lles falan en galego son os avós/as e os mestres/as maioritariamente.


Lingua habitual que emprega:

60 respostas




Situacións nas que usa a lingua galega:


60 respostas




Dificultade que atopa co galego para entender:
60 respostas




Dificultade que atopa co galego para falar:
60 respostas




Dificultade que atopa co galego para ler:
60 respostas




Dificultade que atopa co galego para escribir:
60 respostas



Valoración xeral da lingua galega:
60 respostas




Canto falan galego cos seus fillos/as?
60 respostas




En que lingua respostan eles/elas?

60 respostas



Que outras persoas lles falan en galego aos vosos fillos/as?

60 respostas



3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Tendo en conta que nos desenvolvemos nunha contorna castelán falante e dado que o idioma desfavorecido no centro é o galego, centraremos a planificación do noso proxecto lingüístico, nos seguintes **obxectivos xerais**:

- Fomentar, estimular e motivar a presenza do idioma galego no centro a través de actividades e distintos proxectos como: “Galegómetro”, “Dálle á lingua”, “Citando a...” e “Pensa tamén en ti”.
- Potenciar o uso da lingua galega como medio de expresión oral (especialmente a través das asembleas diarias).
- Implementar e valorar o uso da lingua galega como medio de comunicación coas novas da “NST” (novas Santa Tegra na radio escolar).
- Fomentar o uso da lingua galega a través da escritura creativa.

- Impulsar a lectura en lingua galega a través de distintas actividades de lectura compartida, contacontos dos maiores aos máis pequenos, itinerarios lectores nas titorías, invención de contos nas clases de artística...
- Achegar a cultura tradicional galega á comunidade educativa a través de actividades e conmemoracións tales como: vendima en Galiza, Samaín, Magosto...
- Dar a coñecer persoas ilustres para a cultura galega.
- Promover a mellor integración na lingua galega do alumnado chegado de fóra de Galicia para a súa rápida inmersión no idioma, con reforzos na aula e horario de apoio por parte das especialistas de PT e AL e profesorado con disponibilidad horaria, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación.
- Promover o uso do galego nas novas tecnoloxías.

3.1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

➤ Para o centro:

- Seguir empregando a lingua galega nos documentos programáticos e organizativos do centro (*Plan Xeral Anual, Plan de Atención á Diversidade, Plan Lector, Programacións didácticas, Actas, Memorias...*).
- Continuar usando o galego na redacción dos documentos de relación coas familias e coa contorna social (*correspondencia, boletíns de notas, comunicados, publicacións, circulares...*).
- Potenciar o uso do galego nas actividades complementarias, actos que organice o centro: reunións de familias, festivais, conmemoracións, conferencias, saídas, obradoiros, charlas... e nas aulas de Audiovisuais, aula SEL...
- Confeccionar en galego rótulos, indicadores e todo tipo de carteis, letreiros, etc.
- Promover a presenza do colexio na rede (páxina web, blogs e aplicacións como Thinglink, Mindmap Ayoa, Kahoot...) en lingua galega.
- Dar a coñecer actividades de aula e outros artigos nos diferentes blogs.
- Emprego da lingua galega nas áreas, materias, módulos ou ámbitos de coñecemento, ao aveiro do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Usar a lingua galega no intercambio de información, tanto oral como por correo electrónico e a través da aplicación AbalarMóbil para organizar e

desenvolver actividades cos centros adscritos: EEI Monte da Guía e IES A Guía, coas familias e con outros centros e/ou entidades da zona.

- Emprego de libros de texto e/ou materiais curriculares en lingua galega nas áreas, materias ou ámbitos de coñecemento fixados como obrigatorios no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Impulsar o emprego do galego entre toda a comunidade escolar en tres ámbitos esenciais: relación profesorado-alumnado, relación profesorado-pais/nais/titores legais e relación entre o persoal docente e non docente do centro.
- Manter unha colaboración aberta e participativa con institucións, asociacións, Coordinadora Galega de EDLG e Concello e especialmente co Servizo de Normalización Lingüística de mesmo.

➤ **Para o profesorado:**

- Animar a que todo o profesorado usemos a lingua galega tanto no noso labor docente coma nas reunións informais e nos espazos e tempos de lecer do centro.
- Potenciar e compartir dende o Equipo EDLG actividades que se poidan realizar nos distintos niveis educativos.
- Difundir entre a comunidade escolar toda a información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos que poidan contribuír a unha mellora na docencia.
- Favorecer a produción de documentos colectivos (revistas, boletíns, xornais,...) en lingua galega.
- Seguir Integrando as TIC no tratamento dos contidos curriculares e nas actividades escolares empregando como lingua vehicular o galego.
- Seguir actualizando os blogs que xa temos para difundir contidos e actividades entre toda a comunidade educativa así como para promover a participación da mesma.

➤ **Para o alumnado:**

- Programar actividades e pequenos proxectos tales como “Dálle á lingua” para fomentar máis o uso da expresión oral e escrita en lingua galega.
- Achegar ao alumnado ao coñecemento de aspectos socioculturais da comunidade a través de distintos proxectos como “Galegómetro”, “Citando a...”, “Pensa tamén en ti”...

- Conseguir que o galego, como lingua que é, sexa aceptado como unha das manifestacións da súa propia cultura.
- Estudar diferentes aspectos da realidade galega, e máis concretamente da zona próxima ao colexio: elementos da paisaxe, riqueza, clima, vexetación, fauna e costumes...
- Intentar levar a cabo encontros virtuais e intercambios co alumnado doutros centros.
- Fomentar actividades de creación literaria, así como de recuperación da tradición oral.
- Fomentar a colaboración de entidades asociativas, culturais e deportivas da contorna co centro escolar para a organización de actividades conxuntas.
- Potenciar, seguindo o Plan de Lectura do centro, a adquisición progresiva da lectura e da escrita en lingua galega, así como a adquisición da competencia lingüística das linguas que conviven na nosa comunidade.
- Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento, empregando como lingua vehicular o idioma galego.
- Promover, a nivel de aula e de centro, traballos de enriquecemento de vocabulario temático.
- Fomentar a creatividade do alumnado a través da aula SEL animándoos a que a lingua vehicular sexa o galego.
- Seguir facendo uso das plataformas de traballo colaborativo profesorado/alumnado.

➤ **Para as familias:**

- Fomentar actividades de colaboración entre as familias e o profesorado nas que a lingua de expresión sexa primordialmente o galego, coa finalidade de que a súa normalización como lingua de comunicación e expresión repercuta no alumnado do centro.
- Establecer acordos coa ANPA encamiñados a realizar unha programación estable e periódica das actividades de sensibilización e información: charlas, concursos, proxeccións audiovisuais... e encamiñados tamén a mellorar a coordinación das actividades conxuntas, fomentando o uso do galego.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Organización de xogos populares e actividades que amplíen o coñecemento da cultura galega (Magosto, Samaín, Día Universal da Infancia, Día da Música, Entroido, Día Internacional contra Violencia de Xénero, Conmemoración da

Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia, Día da Eliminación da Violencia contra a Muller, Día da Poesía, Día das Letras Galega, conmemoración dos Maíos ...).

- Realización de actividades de recompilación e divulgación da tradición oral galega en colaboración coas familias e co centro de maiores próximo ao noso colexio.
- Priorizar, dentro das actividades complementarias, aquelas que fomenten e potencien a cultura galega: museos, obradoiros, charlas, concertos de música tradicional, gastronomía típica, topónimos...
- Realizar visitas e saídas didáctivas a lugares nos que se poida apreciar a arte, folclore, etnografía e a cultura de Galicia.
- Visionado de vídeos e filmes referentes a aspectos da realidade sociocultural galega.
- Favorecer visitas ao noso centro de persoas que nos poidan achegar á nosa realidade cultural e social.
- Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutor, corrector, ferramentas informáticas para elaborar recursos, aplicacións...
- Emitir os comunicados do Centro e da ANPA en galego.
- Realización de visitas e excursións, sempre que sexa posible, a lugares nos que se poida apreciar a arte, folclore, etnografía e a cultura de Galicia.
- Emprego das novas tecnoloxías na elaboración de materiais que fomenten o uso do galego.
- Divulgación das actividades do uso do galego e coñecemento da cultura galega a través dos blogs: *Galegueamos?!*, *As cousas de FLOW Z*, *Menuda Panda Molona*, *NST Noticias*, *Orientégrate* e *ReliTegra*.
- Posta a disposición da comunidade educativa de enlaces con recursos relacionados coa lingua e a cultura galega, no blog de dinamización da web do noso centro e nos distintos blogs citados anteriormente.
- Colaboración cos centros educativos adscritos e co centro de maiores no intercambio de actividades que favorezan o uso da lingua galega.
- Participar naquelas actividades ofertadas por institucións, entidades ou asociacións que favorezan o coñecemento da contorna e o uso da lingua galega.
- Aumentar o número de libros en lingua galega na biblioteca do centro e nas distintas bibliotecas de aula, así como o material audiovisual e informático en galego.

5.DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Este curso continuamos a nosa andaina como centro plurilingüe ampliando a todos os cursos a ensinanza da Educación Física en lingua inglesa. A distribución das linguas de ensino quedará, por tanto, do seguinte xeito:

	GALEGO						CASTELÁN					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua Castelá							4	4	4	4	4	4
Lingua Galega	4	4	4	4	4	4						
Matemáticas							5	5	4	4	4	4
C. da Natureza	3	2	3	2	3	2						
Ciencia Sociais	2	3	2	3	2	2						
Música e Danza							1	1	1	1	1	1
Ed. Plástica e Visual	1	1	1	1	1	1						
Educación Física	*	*	*	*	*	*						
Relixión/ Proxecto Competencial		1					1		1	1	1	1
Ed. Valores cívicos e éticos						1						
Total horas	10	11	10	10	10	10	11	10	10	10	10	10

*Materia impartida en inglés.

Contabilizando as horas que corresponden a área de INGLÉS, o total de horas en cada nivel queda do seguinte xeito:

CURSOS	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Galego	10	11	10	10	10	10

Castelán	11	10	10	10	10	10
Inglés	4	4	5	5	5	5

6. EXENCIONES

6.1. PROCEDIMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/2014)

Artigo 3. Requisitos para a obtención da exención temporal.

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de Educación Primaria, en Educación Secundaria ou en Bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

Artigo 5. Presentación da solicitude de exención.

1. A solicitude de exención da materia de lingua galega deberá presentarse en soporte papel por calquera dos medios establecidos no Artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, para o que se utilizará o formulario normalizado que figura como anexo desta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <http://sede.xunta.es>. A referida solicitude irá asinada polo alumno ou pola alumna solicitante, polo seu pai/nai/titor/titora legal ou pola persoa que teña a súa representación legal, se é menor de idade, e nela expóranse as razóns polas que solicita a exención.

2. A solicitude dirixirase á persoa titular da dirección do centro docente onde o alumno ou a alumna curse os seus estudos.

5. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares, conforme o previsto no artigo 3 da presente orde.

Artigo 6. Prazos de presentación da solicitude da exención

1. O prazo de presentación da solicitude empezará o 1 de setembro de cada curso e rematará o 5 de outubro de cada curso para o alumnado dos centros de Educación Primaria e Secundaria Obrigatoria, e o 20 de outubro de cada curso para o alumnado dos centros de Bacharelato.

2. Cando se trate dun alumno ou alumna con traslado de matrícula viva, procedente dun centro doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro, o prazo de presentación da solicitude será de vinte días seguintes á incorporación da persoa interesada ao novo centro.

6.2. MATERIAIS E RECURSOS ESPECÍFICOS

O mestre/a que imparta a materia de lingua galega ao alumno/a que se lle concedeu a exención, deberá facilitar ao mesmo/a os materiais e recursos específicos que lle permitan o maior entendemento posible desta lingua así como a súa aprendizaxe.

- Caderno de práctica de lingua galega nalgunhas aulas, materiais impresos, así como outros recursos e materiais didácticos con vocabulario e estruturas sinxelas para irse familiarizando coa lingua galega.
- Dicionarios de uso básico en lingua galega en formato papel e dixital en dispositivos de profesorado e alumnado.
- Libros de lectura de contos curtos e cancións con audio para a súa escoita.
- Vídeos con breves conversas de nenos/as en lingua galega.
- Uso dos iPads do centro con actividades moi sinxelas e xogos en lingua galega.
- Uso dos Ipads do centro con para a realización de actividades moi sinxelas, de xogos e para escoita de cancións en lingua galega.

6.3. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTEN

O mestre/a que imparta as materias en lingua galega, deberá facilitar a este tipo de alumnado outros libros de texto, cadernillos e outros recursos para o traballo desas materias en lingua castelá o tempo necesario ata que adquira certa competencia e xa se lle poidan facilitar os libros na lingua da materia do seu centro. Aínda que os contidos de ambos libros non coincidan exactamente, deberán ser o máis semellantes posible.

O mestre/a impartirá estas materias en lingua galega pero traducirá ao castelán aqueles conceptos e expresións que sexan de difícil entendemento para o alumnado de fóra de Galicia.

A atención por parte do profesorado a este tipo de alumnado debe ser moi específica, procurando na medida do posible que exista apoio por parte doutro mestre/a dentro da aula para axudarlle na comprensión, a maiores dos apoios de PT ou AL que poidan ter fóra da mesma.

7. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

O tratamento integrado das linguas implica que o noso centro docente impartirá de xeito integrado o currículo de todas as linguas impartidas no mesmo, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

As medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas inclúen:

- Acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas: utilizarase unha metodoloxía activa que favoreza a motivación do alumnado e a súa curiosidade por aprender. Tamén se promoverá a integración e o uso das TIC na aula como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.
- Acordos sobre o uso dunha terminoloxía común para todas as linguas que favoreza a comprensión dos conceptos e contribúa a unha aprendizaxe significativa.
- Acordos sobre similitude de contidos que se traballarán en cada lingua para que a súa adquisición se produza de xeito paralelo e transversal.
- Acordos para que os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe sexan similares en cada materia lingüística.
- Acordos para evitar a repetición de aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

8.1. COMPOSICIÓN

1. Esther Aísa Vicién (coordinadora)
2. Eva Paniagua Gutiérrez
3. Elena Iglesias Domínguez

8.2. FUNCIONES

I. Coordinador/a

- Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- Responsabilizarse da redacción das propostas e proxectos que serán propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria de fin de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- Proporcionar aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

II. Equipo

- Presentar, a través do Claustro, propostas ao Equipo Directivo para a fixación dos obxectivos de Normalización Lingüística que se incluírán no Proxecto Educativo de Centro.

-Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o Plan Xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:

- a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
- b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

-Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.

-Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.

-Presentar para a súa aprobación no Consello Escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

-Aquelas outras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria prevexa na súa normativa específica.

9. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Recollemos a continuación, as actividades a desenvolver para o fomento e dinamización da lingua galega, agrupadas en bloques por centros de interese cuxo fío condutor será *“Descobre o mundo, a viaxe comeza en ti”*. A partir desta frase intentamos potenciar a lingua e cultura galega a través de numerosas actividades que confeccionamos co alumnado dos distintos niveis e que facemos ao longo de todo o curso.

- **Actividades de outono: Magosto e Samaín** (Temporalización: Outubro e novembro).
 - Distintas manualidades referidas ao tema outono-Samaín.
 - Mural relacionado co outono e o Samaín.
 - Actividades de aula: decoración das aulas e corredores con motivos de Samaín e Magosto.
 - Traballos de investigación sobre o Samaín e o Magosto.
 - Ambientación da biblioteca do centro *“A cova do Samaín”*, para facer actividade de lecturas e lendas de medo, inventadas ou non, por niveis.
 - *“Pasámolo de medo no Tegra”*: Selección de lecturas de medo adaptadas a cada nivel situadas na entrada da biblioteca para que teñan máis visibilidade.
 - Xogos para traballar a diversidade.

- Xornada de xogos populares coa participación de todo o alumnado, na que a castaña será a protagonista.
- Asado e degustación de castañas.
- **Actividades de Nadal** (Temporalización: Decembro).
 - Decoración dos corredores e aulas do colexio con motivos de Nadal.
 - Decoración da árbore de Nadal.
 - Audicións de panxoliñas nas aulas.
 - Xornada Gastronómica do alumnado de 1º curso co da EEI Monte da Guía.
 - Festival de Nadal con actuacións de panxoliñas, obras de teatro, funcións musicais e bailes.
 - Convivencia do alumnado do centro cunha chocolatada organizada pola ANPA.
- **Actividades de Paz** (Temporalización: Xaneiro).
 - Mural conxunto na entrada do colexio con temática de Paz.
 - Creación da "Árbore da Paz" con mensaxes de todo o alumnado.
 - Actividade conxunta de convivencia no patio ao son dunha canción.
 - Actividade conxunta "Intercambio de Paz", en colaboración co centro adscrito EEI Monte Da Guía.
 - Obradoiro TIC de actividades relacionadas coa Paz: Realización de actividades tecnolóxicas para o traballo da Paz con distintas aplicacións informáticas.
 - Elaboración dun filme editado en galego coa actuación conxunta do alumnado do centro.
- **Actividades de Entroido** (Temporalización: Febreiro-Marzo).
 - Mural sobre o Entroido.
 - Elaboración do Meco coas súas mandas diarias.
 - Obradoiro TIC: Recompilación de enlaces a actividades e recursos relacionados co ENTROIDO con acceso á páxina web do colexio.
 - Obradoiro de confección de disfraces: O alumnado, guiado polo profesorado e coa colaboración das familias, elaborará os disfraces para o desfile de comparsas. O tema a tratar será: "*Descubre o mundo, a viaxe comeza en ti*".
 - Desfile de comparsas no patio do colexio.
 - Montaxe dun filme coas actuacións das diferentes comparsas.
- **Oralidade** (Temporalización: todo o curso).
 - Proxecto "*Oralidade*" con actividades do alumnado como: novas para a radio escolar que se difundirán todos os días antes do recreo (alternando as distintas linguas tendo en conta o Plurilingüismo do centro, pero priorizando o uso do galego); *Contaverán*, coa presentación do alumnado falando en galego sobre o que fixo en verán; Así son eu,

con preguntas para coñecer máis aos compañeiros; *Creacontos*, para a creación de contos en diferentes idiomas, con diferentes formatos, e gravación das lecturas dos mesmos na aula de audiovisuais; elaboración de vídeos do alumnado para presentarse, creación de xogos de mesa para enriquecer o vocabulario galego e de tarxetas de respiración consciente para realizar Mindfulness...

- *Semana da poesía*:
 - “*O tren poesías viaxeiras*” viaxará polas aulas con libros de poemas adaptados para cada nivel.
 - Os alumn@s de cada curso lerán poemas de creación propia ou do autor/a elixido/a na súa aula e individualmente a outras aulas. Estas lecturas serán gravadas e se colgarán na web do colexio.

- *Semana do libro*:
 - “*Apadriñamentos lectores*” nos que o alumnado dun curso a determinar lerá contos en galego elixidos por eles ou de creación propia ao alumnado da EEI Monte da Guía.
 - Contacontos entre o alumnado e en colaboración coas familias.
 - Creación dun libro a nivel de centro facendo aportacións o alumnado de cada aula.
 - “*Adopta un libro*”: Coa doación de libros usados para todo o alumnado.
 - “*Día de Rosalía de Castro*”: Achegamento aos pequenos á vida e poesía de Rosalía de Castro por medio dunha experiencia de convivencia do alumnado de 1º co alumnado de 6º da EEI Monte da Guía.

➤ **Festexamos as Letras** (Temporalización: abril e maio).

- “*Cantamos os Maíos*”: Invención de regueifas do alumnado de 5º para o alumnado de Ed. Infantil da EEI Monte da Guía e para o Centro de Maiores Atalaia.
- “*Letras Galegas*”:
 - Obradoiro TIC: Busca de recursos e información sobre Luisa Villalta, autora homenaxeada nas Letras Galegas 2024 e posterior enlace na web do colexio.
 - Exposición de murais e traballos sobre a súa obra.

- Elaboración nas aulas de dípticos que recollan de xeito ilustrado a vida e obra da autora.
- Lectura de fragmentos da súa obra adaptada á idade do alumnado.
- Distintas actividades tales como: xogos cooperativos, pasatempos, comeocos, minilibros, *geniallies*, actividades interactivas en liña...

➤ **Quincenas de lectura temática** (Temporalización: Ao longo de todo o curso).

- Ao longo do curso pasaranse polas aulas libros de distintas temáticas. Destacamos as seguintes:

1ª Quincena de lectura temática: “*O medo*”.

2ª Quincena de lectura temática: “*O Nadal*”.

3ª Quincena de lectura temática: “*Poesías*”.

Ademais das citadas anteriormente faremos algunhas outras coincidindo coas conmemoracións que haxa ao longo do curso para estimular e potenciar a lectura e a cultura galegas: Lecturas de Entroido, lecturas relacionadas coa conservación do medio natural, lecturas pola Paz, lecturas sobre persoeiros relevantes na historia de Galicia...

- No corredor de entrada á biblioteca, habilitarase un espazo de lectura con exposicións periódicas de libros de temáticas variadas para ser visitadas polo alumnado en horario escolar e en compañía das súas familias polas tardes.
- Na semana da poesía, na semana do libro e na semana dedicada ás Letras Galegas, colocarase un expositor con libros de cada temática no patio de lecer.
- Actividade “No recreo tamén se le”, que aínda que parte do equipo de biblioteca, o EDNL colaboramos no fomento de que o alumnado escolla libros, contos, revistas e xogos en galego.

➤ **Publicacións** (Temporalización: Ao longo de todo o curso).

- Tríptico informativo “*O noso cole*” para repartir ás familias do centro adscrito á Escola de Educación Infantil Monte da Guía.
- Díptico de *Nadal* coa felicitación para as familias e a relación das actuacións do Festival de Nadal.
- Tríptico “*Escola de familias*” para ofrecer ás familias e ao profesorado un espazo físico e emocional de convivencia entre membros da comuni-

dade educativa, que favorece as relacións interpersoais e fomenta o respecto.

- Díptico sobre Luisa Villalta, autora homenaxeada nas Letras Galegas 2024.
- Díptico para invitar ás familias ao Festival Fin de curso e Graduación do alumnado de 6º.

➤ **As TIC na escola** (Temporalización: Ao longo de todo o curso).

- Publicación de novas e actividades na web do centro co galego como lingua vehicular.
- Seguir actualizando os blogs de centro, todos eles con acceso dende a páxina web:

“Galegueamos?!” con actividades de fomento do uso do galego.

“As cousas de FLOW Z” coas novas relacionadas coa biblioteca.

“Menuda Panda Molona” para a publicación e difusión das actividades didácticas de 4º e 5º .

“Orientégrate” con información e e recursos elaborados polo Departamento de Orientación.

“NST noticias” con novas na radio escolar gravadas polo alumnado de 6º e nas que participa todo o alumnado do centro.

“Relitegra” con novas relacionadas coas sesións de relixión.

- Obradoiros TIC ao longo do curso utilizando diversas aplicacións e accedendo a distintas páxinas web relacionadas coas temáticas a desenvolver, así: Samaín, Magosto, Día da Discapacidade, Día da Infancia, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día de Rosalía, Semana da Poesía, Día da Terra, Día do Libro, Semana da Prensa, Letras Galegas, Maíos...
- Utilización de programas informáticos en lingua galega, correctores e tradutores.
- Gravación e montaxe de filmes coas actuacións do festival de Nadal, coas actividades do Día da Paz, Día de Rosalía, co desfile de Entroido, da semana da Poesía, Semana das letras Galegas e co acto de fin de curso e despedida e graduación de 6º con enlace na web do colexio.
- Elaboración de actividades e presentacións para o seu uso nos ordenadores, na PDI e nos iPads do centro.
- Creación de imaxes interactivas e *break outs* sobre Samaín e Rosalía de Castro.
- Elaboración de actividades e presentacións nos dispositivos do alumnado e profesorado, PDI e novas pantallas enviadas pola Xunta.

- **Outras actividades** (Temporalización: Ao longo de todo o curso).
- Asistencia ás reunións organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello e participación nas distintas actividades organizadas polo mesmo.
 - Contacto con CFR no caso de estimar conveniente solicitar recursos materiais ou algún PFPP.
 - Contacto telefónico, presencial e por correo electrónico coa EEI Monte da Guía, co IES A Guía e co centro Atalaia para coordinación de actividades en galego e intercambio de información.
 - Proxectos: “Dálle á lingua”, “Galegómetro”, “Citando a...” e “Pensa tamén en ti”.
 - Participación nas actividades organizadas polo Concello.
 - Saídas didácticas pola contorna.
 - Asistencia a museos, biblioteca Municipal, Concello.
 - Obradoiros e charlas no colexio levadas a cabo por distintos organismos: charlas de Educación Viaria impartidas por axentes da Policía Local e charlas do programa PLDA do Concello de Vigo: campaña de información-sensibilización para a prevención de drogodependencias e outras adicións.
 - Solicitar a visita dun escritor ou escritora galega para impartir algunha charla ou obradoiro para alumnado.
 - Actividades musicais.
 - “Sen timbre na escola”: audicións de música popular galega nas entradas e saídas do colexio.
 - Música popular para amenizar a xornada de magosto.
 - Celebración do día de da música, “Santa Cecilia”, patroa da música, con actividades musicais dirixidas pola mestra de música do colexio.
 - Xornada musical con distintas actividades.
 - Traballo de danzas do mundo en todos os cursos e para ensinar algunhas no centro adscrito EEI Monte da Guía. Invención de letra relacionada coa figura de Rosalía de Castro con algunha das danzas.

- Escucha de anacos de distintas pezas musicais de estilos diferentes para comentar en galego as distintas emocións que lles transmite ao alumnado.
- Miniconcerto ao final de curso co alumnado que toca algún instrumento musical.
- Visita dalgunha banda-grupo musical con cancións en galego.
- Visita dalgún familiar do alumnado que saiba tocar algún instrumento para facer un pequeno concerto.
- Creación de instrumentos das distintas familias a nivel individual polo alumnado de 5º e 6º con material de refugallo e explicación dos mesmos para traballar as calidades do son e aumentar o vocabulario musical en galego.

10. PLURILINGÜISMO

Dende o curso 2018-2019, o CEP Santa Tegra pasou a formar parte da Rede de Centros Plurilingües de Galicia segundo consta na relación de centros definitivos pertencentes á mesma.

○ **Coordinadora**

A directora do centro, ao ser a mestra especialista de Inglés con destino definitivo do centro, é a persoa coordinadora do programa e contará cunha persoa auxiliar para levar a cabo esta función.

○ **Oferta: Centro Plurilingüe**

Materia	Curso	Nº alumnado participante	Profesorado responsable	Coordinadora
Educación Física	1º	17	Ander Martínez Domínguez	Estela Castro García
Educación Física	2º	20	Ander Martínez Domínguez	Estela Castro García
Educación Física	3º	16	Ander Martínez Domínguez	Estela Castro García
Educación Física	4º	14	Ander Martínez	Estela Castro García

			Domínguez	
Educación Física	5º	11	Ander Martínez Domínguez	Estela Castro García
Educación Física	6º	22	Ander Martínez Domínguez	Estela Castro García

○ **Mecanismos de seguimento e avaliación do Programa Plurilingüe**

Establecemos algúns dos procedementos e instrumentos que poidan ser utilizados para valorar o grado de cumprimento da planificación deste programa, así como a idoneidade dos obxectivos e elementos e actuacións derivados do mesmo. Entre estes procedementos, cabe destacar os seguintes:

- Reunións entre a coordinadora do programa coa profesora implicada no proxecto e tamén coa persoa auxiliar co fin de detectar as dificultades que poidan xurdir e consensuar a súa aplicación e desenvolvemento.
- Cuestionarios que aporten información sobre a percepción do programa, sobre a súa idoneidade e sobre a eficacia das actividades levadas a cabo para o seu desenvolvemento.
- Análise dos resultados escolares que nos dean pistas sobre aspectos a reforzar.
- Memoria final que contemple as conclusións sobre a avaliación levada a cabo, as técnicas e instrumentos utilizados para a recollida de información, así como as correspondentes propostas de mellora que se fagan ao respecto.

11. AVALIACIÓN

Avaliamos todas as actividades realizadas no curso 2022-23 positivamente. Destacamos como moi positivas para o fomento do uso da lingua galega as seguintes actividades, polo que consideramos que deben realizarse algunhas similares no vindeiro curso:

- Celebración de Samaín: Contacontos de medo con ambientación na biblioteca do centro.
- Celebración do Magosto con xogos populares cooperativos.
- Día da Música con actividades conxuntas.
- Celebracións de Nadal: elaboración de postais, decoración da árbore e festival.
- Obradoiros de Igualdade.
- Actividades de Paz conxuntas.
- Celebración do Entroido coa investigación do Entroido en Galicia.

- Asemblea en galego. Co título “Dálle a lingua”: desenvolvemento da asemblea en lingua galega.
- Elaboración das noticias en galego para a súa difusión na radio escolar.
- Actividades e obradoiros entre distintas aulas nas que se emprega a tecnoloxía polo seu carácter motivador e pedagóxico.
- Tamén valoramos de xeito moi positivo as actividades conxuntas entre aulas e coa EEI Monte da Guía polo que aportaron, tanto ao alumnado como ao profesorado dos dous centros, que traballou conxuntamente para a súa organización.
- Xogos colaborativos para dar visibilidade ao día da Discapacidade.
- Os distintos proxectos: “Dálle á lingua”, “Galegómetro”, “Citando a...” e “Pensa tamén en ti”.
- “O Día de Rosalía de Castro”, actividade moi interesante por permitir ao alumnado de 6º de Infantil da EEI Monte da Guía coñecer o seu próximo colexio así como a figura dunha gran escritora como é Rosalía de Castro.
- “Madriñas e padriños lectores”. Foi unha actividade moi motivadora para o noso alumnado que reforzou a expresión, a autonomía, a seguridade e a confianza en si mesmos.
- Xornada especial “Xogos Cooperativos de Final de Curso”.

12. ANEXOS

12.1. MODELO SOLICITUDE EXENCIÓN DO GALEGO

PROCEDIMIENTO: EXENCIÓN DE LA MATERIA DE LA LENGUA GALLEGA EN LA ENSEÑANZA NO UNIVERSITARIA EN GALICIA	CÓDIGO DEL PROCEDIMIENTO: ED332A	DOCUMENTO: SOLICITUD			
DATOS DE LA PERSONA SOLICITANTE					
NOMBRE	PRIMER APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TIPO DE VÍA	NOMBRE DE LA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	AYUNTAMIENTO	LOCALIDAD		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
Y, EN SU REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse la representación fehaciente por cualquier medio válido en derecho)			EN CALIDAD DE (PADRE, MADRE, TUTOR)		
NOMBRE	PRIMER APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
DIRECCIÓN A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (no es necesario si coincide con la anterior)					
TIPO DE VÍA	NOMBRE DE LA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	AYUNTAMIENTO	LOCALIDAD		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
EXPONE:					
Que la situación del alumno/a es la prevista en los artículos 18 y 19 del Decreto 79/2010, de 20 de mayo, para el plurilingüismo en la enseñanza no universitaria de Galicia, debido a que se incorpora ex novo al sistema educativo de Galicia en:					
3º ciclo de la educación primaria:					
<input type="checkbox"/> 5º curso <input type="checkbox"/> 6º curso					
Educación secundaria obligatoria:					
<input type="checkbox"/> 1º ESO <input type="checkbox"/> 2º ESO <input type="checkbox"/> 3º ESO <input type="checkbox"/> 4º ESO					
Bachillerato:					
<input type="checkbox"/> 1º CURSO <input type="checkbox"/> 2º CURSO					
Por todo esto, SOLICITA					
Que se le conceda la exención de la lengua gallega para el actual curso académico 2013/2014.					
Autorizo a la Secretaría General de Política Lingüística, de conformidad con el artículo 2 del Decreto 255/2008, de 23 de octubre, y con la Orden de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia de 7 de julio de 2009, que lo desarrolla, para la consulta de los datos de identidad del solicitante en el Sistema de verificación de datos de identidad del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.					
<input checked="" type="radio"/> SÍ <input type="radio"/> NO (en este caso se aportará la documentación correspondiente)					
En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 5 de la Ley orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal, se informa de que los datos personales recogidos en esta solicitud se incorporarán a un fichero para su tratamiento, con la finalidad de la gestión de este procedimiento. Usted puede ejercer los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición previstos en la ley mediante un escrito dirigido a este centro directivo como responsable del fichero.					